



## Se ti nos educas igual, seremos iguais

Os que van a vivir xuntos deben educarse xuntos, aprender a respetarse e asumir e valorar en positivo as diferenzas.

### Consellos para educar en igualdade:

- ✓ **Fomentar o respecto, a liberdade e os valores éticos** por igual. As normas na casa deben ser as mesmas para todos.
- ✓ **Evitar xoguetes sexistas e actividades diferenciadas** segundo o seu sexo: os rapaces ao fútbol, as nenas a mamás e papás... Teñen que ser eles os que decidan a que lles gusta xogar.
- ✓ **Explicar as diferenzas físicas entre nenos e nenas**, diferenzas que son necesarias coñecer para poder eliminar estereotipos.
- ✓ **É moi importante o traballo en equipo**, débese establecer as funcións de cada membro do grupo **alternando labores tanto a nenas como a nenos**.
- ✓ **Traballar coa linguaxe**, evitando discriminación por razón de sexo. Por exemplo, expresións coma “os nenos non choran”, “dille a mamá que che pase o ferro á camisa”, etc.
- ✓ **Normalmente son as nais as que pasan máis tempo cos fillos e asúmese ese rol como normal**. Isto fai que en moitos casos sean as fillas as que se encargan de máis labores do hogar en comparación cos seus irmáns. **Hai que repartir equitativamente as tarefas da casa**.
- ✓ **Ler libros e ver películas nos que se mostren valores de igualdade de dereitos**.



A educación en igualdade é a clave para previr futuras discriminacións, pensamentos machistas e actitudes violentas.

### Corresponsabilidade:

Na educación dos fillos deben implicarse pais e nais por igual.

### Coeducación:

Método educativo que parte do principio de igualdade entre sexos e na non discriminación por razón de sexo. Educar en igualdade desde as diferenzas.

